

Mércores, 20 de maio de 2020

Estimadas familias:

Unha vez máis nos diriximos a vós co desexo de que vos atopedes ben de saúde e de ánimos.

En primeiro lugar, tal e como se anuncia na páxina web do centro, recordarvos que mañá xoves 21 e venres 22, non se proporán actividades escolares por ser festivo local e día non lectivo, elixido polo centro respectivamente.

Doutra banda, tras efectuarse na mañá de hoxe o reparto de libros de texto de 2º de primaria e sendo informadas de que todo o noso alumnado dispón agora dos mesmos, entendemos, polas comunicacións e comentarios que moitos nos fixestes, que o recurso preferente de traballo diario na casa, pola accesibilidade e a conveniencia, serán os libros.

En canto a iso gustaríanos insistir nalgunhas consideracións:

O ritmo de traballo nos libros debe adaptarse, como sempre, ao dos nenos e nenas. Non é unha carreira de velocidade nin de obstáculos. Non se trata de terminar os libros ante todo e sobre todo, senón de manter unha rutina de traballo diaria. Lembramos que o punto de partida do vindeiro curso será onde chegamos de maneira presencial no curso actual.

Nós continuaremos no blog, como recurso adicional, colgando tarefas de repaso, reforzo e/ou de ampliación que pensamos poidan seguirse sen maiores dificultades. Faremos entradas diarias no blog, cada día dunha materia distinta, alternándoas ao longo da semana e ofrecendo a realización de, xa sexa unha tarefa, unha ficha, un xogo, un video...que poidan complementar ou clarificar os contidos dos libros.

Ao final de semana mandádenos ao correo electrónico segundoprimariaroxos@gmail.com e a vosa elección, dúas ou tres tarefas realizadas durante a semana, por exemplo unha páxina do libro, unha ficha...

Ademais poderemos pedir a través do blog o envío dalgunha tarefa que nos pareza significativa ou relevante, por exemplo un video ou audición dunha lectura.

Quedamos á vosa disposición para as dúbidas que nos queirades ou necesitedes formular. Por favor confirmade a recepción deste correo e pregamos publicidade entre as familias que coñezades.

Sen máis, recibide un afectuoso saúdo.

Verónica e Rocío.